



A Pobra do Caramiñal

Manuel M^a Durán Guillán, voceiro do grupo do Partido Popular neste concello presenta para que sexa debatida na vindeira sesión plenaria a seguinte moción relativa á valoración dos catro anos de goberno de Nós Pobra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Facendo balance destes catro anos e tamén comparando o realmente feito co prometido no programa electoral do equipo de goberno, unicamente queda por dicir que estes catro anos foron un absoluto desastre no que o noso concello non só non creceu senón que retrocedeu e languidece, deixando o peor dos escenarios posibles para o grupo que acceda ao goberno.

Foron catro anos caóticos, sen unha liña clara de actuación, sen obras de envergadura e caracterizados pola suciedade nas rúas, o ruído, a falta de limpeza de cunetas e sumidoiros, mobiliario urbano sen mantemento e estradas co firme deteriorado. É dicir, un goberno reducido á súa mínima expresión.

Mergullándonos no seu programa electoral, podemos afirmar que non se levaron a cabo nin o 90% das propostas. Sería imposible nomear todo o incumprido, pero podemos salientar algunhas como por exemplo no campo da CULTURA trasladar a biblioteca municipal a outro edificio, crear a Universidade popular, crear tamén o premio de investigación sobre a Historia e Antropoloxía da Pobra ou crear a Fundación Valle-Inclán; cando o único que se fixo polo museo foi gastar os cartos nun proxecto e nunha maqueta que nunca veu a luz.

Con respecto á EDUCACIÓN, falábase de proporcionar aos alumnos do ensino público do noso concello a posibilidade de acadar a titulación indispensable para obter o título B1/B2 en lingua inglesa e o único que se fixo foi poñer unhas clases de conversación cunha persoa que non dispón da titulación necesaria e sen expedir título algún aos asistentes. Tamén se ían crear cursos para adultos en horario flexible para acadar o título da ESO ou crear o servizo de Centro de Día para rapaces en horario extraescolar, e nada de isto se fixo.

No eido da DINAMIZACIÓN ECONÓMICA diciannos que ían crear emprego público a través dos novos servizos municipais, ían tamén a crear unha Aula Municipal de Formación, Xornadas para emprendedores, unha liña de autobús ao polígono, bolsa de aluguer de locais comerciais (cando neste momento hai mais locais vacíos

A Pobra do Caramiñal

que nunca), crearían o turismo idiomático con títulos homologados, atraerían turistas todo o ano... e un longo etc. que non se cumpriu.

A MOCIDADE ía a participar no Programa de Campos de Traballo Internacionais, ían ter unha Casa da Mocidade, a súa propia partida dentro dos orzamentos para potenciar o emprego xuvenil e tamén un parque de deportes urbano que ía a incluír entre outras instalacións unha pista de skate e, se isto último é o único que hai, non é grazas ao mandato de Nós Pobra senón ao goberno do Partido Popular, que xa deixou esta actuación iniciada.

Tamén se ían construír unha gardería municipal (que si a hai é grazas aos empresarios), unha cociña municipal e incluso se ía a ampliar a oferta dos deportes náuticos. Incrementaríanse os espazos de lecer e as zonas verdes, a edificación de vivendas protexidas, a recuperación da fábrica da luz do Pozo, o cableado subterráneo no casco histórico e outro longo etcétera que tampouco se levou a cabo.

En canto á SANIDADE, non só non cumpriron con nada do seu programa como facer as melloras necesarias para solucionar as deficiencias do centro de saúde, que non sexa dependente da unidade de Ribeira, ampliar a oferta en atención primaria con áreas como xeriatria e xerontoloxía ou a ampliación do servizo de pediatría, senón que por riba de non facer nada, aínda desfixeron, perdendo a creación dun centro de saúde novo e cedendo o actual á consellería logo de investir 80.000€ nel, cando sería mais lóxico, si se vai a ceder, non facer tal inversión.

Outra inversión desastrosa no campo da sanidade é a compra dos desfibriladores: un servizo que nos custa mais de 7.000€ ao ano e, a pesares de ser obrigatorio a súa inclusión nun rexistro xestionado polo 061 e adxuntar as súas coordenadas xeográficas, os nosos desfibriladores non están dados de alta na nosa comunidade e non lles constan aos servizos de emerxencias, polo que si non constan, é coma se non existiran.

Seguindo con inversións erradas hai que mencionar o aluguer que acabaremos pagando neste mandato por un local para gardar a maquinaria da brigada de obras; pois tendo terreo o concello, sería mais lóxico investir esa cantidade na construción dunha nave propia.

Tampouco podemos esquecer, falando de este tipo de inversións dúbidasas, asumir dentro dos orzamentos do concello os gastos dos socorristas e as brigadas de extinción e prevención de incendios, cando co goberno do Partido Popular se costeaban por medio de subvencións, as cales este goberno rexeita.

A Pobra do Caramiñal

En canto a URBANISMO prometían crear un servizo local de aluguer e promover a edificación de vivendas protexidas, así como un plan de protección e reforma do casco antigo. A maiores de todo isto que prometeron e non quixeron ou non puideron facer, están os feitos realizados como o permitir a utilización de edificios públicos sen ordenanza ou regulamento algún que ampare o uso. A día de hoxe isto sêgue igual.

Proxecto de recuperación ambiental na praia do Arenal, algo que todavía estamos esperando.

En resumen, un goberno inoperante que fixo pouco, e o pouco que fixo o fixo mal. O goberno que mais veces foi requirido polo Valedor do Pobo, chegando incluso a ser ameazado con accións legais si non colaboraba con esta institución que vela polo interese dos veciños, por non dicir que tamén é o mais reprobado e recusado da historia do noso pobo.

Un goberno tamén coñecido por pregoar con palabras a transparencia, a colaboración e o consenso, pero os feitos son que imponen as súas ideas sen consensuar nada, traendo aos plenos os plans de actuación o último día, sen deixar marxe de manobra ás demais agrupacións a elixir proxectos.

Por todo isto que prometían no seu programa electoral e por actuacións que levaron a cabo como é o do Coworking, albergar a un veciño conflictivo nun edificio municipal sen cédula de habitabilidade, ter pechado durante semanas o Museo Valle-Inclán, permitir que un membro da agrupación de Protección Civil circule sen puntos no carné, non respetar as tradicións e un longo ect, xa que é imposible nomealas todas aquí,

Solicitamos ó Pleno:

A reprobación das actuacións de todos os membros do equipo de goberno durante estes catro anos de mandato.

A Pobra do Caramiñal, 15 de abril de 2019

Manuel M^a Durán Guillán

Concelleiro do Grupo Municipal do PP

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL